

Á DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO
Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA - XUNTA DE GALICIA
Edificio Administrativo de San Lázaro S/N
15781-Santiago de Compostela

D. ANTÓN MASA VÁZQUEZ, co DNI : [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación no Apartado 414 de Pontevedra (CP 36080), como presidente da “Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra” (APDR) e no seu nome e representación,

EXPÓN:

Que na APDR tivemos coñecemento de que esa Dirección Xeral ten aberto o trámite de información pública do “Proxecto de ampliación da EDAR de Praceres”, con CLAVE 2019/0143 e promovido por Augas de Galicia.

Que, como entidade interesada na amentada ampliación pola súa incidencia sobre a calidade das augas de baño e de cultivos mariños, quere presentar, en tempo e forma, as seguintes

ALEGACIÓNS

1ª.- Tal e como se recolle no apartado de antecedentes do “Documento Ambiental. Evaluación de Impacto Simplificada” e no “Proyecto Básico. Ampliación de la EDAR de Praceres” elaborados pola UTE EPTISA-IDOM, a actuación a desenvolver enmárcase no Plan de Saneamento da Ría de Pontevedra, un plan que inclúe outras actuacións en fase de licitación coma a “Mellora do proceso de depuración da EDAR de Os Praceres” e a construción do “Novo emisario submarino da EDAR de Praceres”, actuacións condicionadas pola ampliación da EDAR que nos ocupa e que, ao tempo, condicionan en moi boa medida a amentada actuación de ampliación.

Con efecto, resulta difícil separar estas tres actuacións, ata o punto de que nas Memorias agora presentadas fanse constantes referencias aos amentados proxectos, e mesmo se reproducen de forma literal boa parte dos textos recollidos nas correspondentes Memorias.

Neste sentido, e como queira que na APDR temos alegado no seu momento a cada unha das actuacións agora en fase de licitación, queremos aportar aquí, con carácter previo ás específicas que se poidan facer a este proxecto de ampliación, todas aquelas alegacións presentadas daquela, alegacións que damos por reproducidas.

2ª.- **Sobre o procedemento de avaliación de impacto ambiental para este proxecto.** No apartado 2 do “Documento Ambiental” faise unha análise sobre o procedemento que se debe aplicar ao proxecto botando man do recollido no artigo 7 da Lei 21/2013 de 9 de decembro, de avaliación ambiental, tirando a conclusión de que neste caso está xustificada a aplicación da avaliación de impacto ambiental simplificada, unha conclusión coa que non concordamos. Debemos indicar, ademais, que a Lei 21/2013 foi modificada pola Lei 9/2018 de 5 de decembro, que introduce certas modificacións que afectan ao proxecto que nos ocupa.

Argumentan os redactores do proxecto que se trata dunha modificación dun proxecto consignado no Anexo I da Lei 21/2013, pero que NON cumpre por si mesma os limiares establecidos nese anexo, polo que non será de aplicación a tramitación ambiental ordinaria.

Para nós, tendo en conta que o obxectivo final da ampliación da EDAR é convertela nunha nova estación depuradora que tratará os vertidos dunha poboación equivalente de 302.400 habitantes-equivalentes, debería aplicárselle a tramitación ambiental ordinaria, unha figura administrativa que ten por obxectivo -no caso das estacións depuradoras- asegurar a falta de incidencia ambiental daquelas instalacións que superan o limiar dos 150.000 habitantes-equivalentes. Non se pode considerar -como se fai na memoria- que a obra de ampliación afecta só aos 58.320 habitantes-equivalentes nos que se vai vir incrementado a poboación inicialmente tratada na EDAR actual. O impacto ambiental da instalación unha vez ampliada vai ser o dunha instalación de 302.400 hab-eq e non se pode considerar que o impacto vai ser fraccionado, dunha banda o correspondente a unha EDAR para 244.080 hab-eq da actual EDAR e doutra o correspondente a unha deseñada para 58.320 habitantes-equivalentes. E debemos apuntar aquí tamén que, xa na obra da mellora do proceso de depuración da EDAR (Clave OH 336.1163) a poboación equivalente foi aumentada en 15.120 habitantes-equivalentes. É dicir, a estratexia de fraccionar os proxectos para evitar ter que tramitalos a autorización ambiental pola vía ordinaria, é unha constante.

Pero, fronte a esta estratexia, insistimos na necesidade de considerar que, na práctica, estamos diante dun proxecto que ten por obxectivo construír unha nova EDAR, unha EDAR que deberá tratar os vertidos dunha poboación equivalente de 302.400 habitantes-equivalentes. E resultan moi clarificadoras neste sentido as afirmacións realizadas pola equipa redactora do proxecto na páxina 16 do Proxecto Básico baixo o epígrafe “Problemática de funcionamiento de la EDAR”, que de seguido reproducimos literalmente:

*“... no basta con resolver puntualmente algunas de las deficiencias de la instalación, sino que hay que recurrir a una actuación integral. Es decir, en base a lo analizado de manera preliminar **será necesario una nueva EDAR** si bien deberá estudiar la posibilidad de aprovechar algún elemento de la actual que se encuentra en buen estado...”*

En calquera caso, de considerar a actuación agora presentada coma se se tratase dunha EDAR para 58.320 habitantes-equivalentes, estaríamos diante dun proxecto incluído no anexo II da Lei 21/2013, que se mantén invariábel na Lei 9/2018; nese caso, deberíamos ver se, de acordo cos criterios fixados no Anexo III da amentada Lei 9/2018, no que se teñen introducido certas modificacións respecto do texto legal anterior, existen razóns para considerar que este proxecto debe someterse a avaliación de impacto ambiental pola vía ordinaria. Neste sentido, debemos dicir que tanto polas características do proxecto (apt. 1 do anexo) coma polo seu emprazamento (apt. 2 do anexo), existen criterios de aplicación que, ao noso entender, xustifican a necesidade de tramitar a avaliación de impacto ambiental pola vía ordinaria.

Con efecto, e **polo que fai ás características do proxecto**, tanto polas súas dimensións (1.a) coma pola acumulación cos proxectos de mellora da EDAR (OH 336.1163) e do novo emisario (OH 336.1129), aspecto recollido no apt. 1.b, pola contaminación que pode provocar nos cultivos mariños e nas augas da Ría (1.e), e polos riscos recollidos no apt. 1.f, particularmente no que fai aos provocados polo inevitábel cambio climático que -con seguridade- vai provocar inundacións na zona no futuro (inundacións que, non o debemos esquecer, xa se están a producir na actualidade), atopámonos no suposto recollido no apartado 2.a) do artigo 47 da Lei 9/2018, polo que o proxecto debería terse sometido a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

E pódese chegar á mesma conclusión cando se analizan os criterios considerados no **apartado 2 do Anexo III**, relativo ao emprazamento do proxecto, e máis concretamente no punto 2.c (capacidade de absorción do medio natural); debemos ter en conta que estamos a falar dun medio mariño coma a Ría de Pontevedra, declarada como zona sensíbel e que pode verse afectada polo proxecto, de forma particular polo que fai á capacidade de carga do medio receptor que -non debemos esquecerlo- ten unha clara vocación marisqueira e turística (aspectos recollidos no apartado 2.c.2º do anexo); pero tamén debemos aludir ao recollido no apartado 2.c.6º, que fai referencia clara a unha situación que se está a dar na nosa Ría. Recollemos de seguido o texto do apartado 2.c.6º do Anexo III da Lei 9/2018 por resultar clarificador respecto do que figuraba anteriormente na Lei 21/2013:

2. Ubicación de los proyectos: La sensibilidad medioambiental de las áreas geográficas, que puedan verse afectadas por los proyectos, deberá considerarse teniendo en cuenta los principios de sostenibilidad, en particular:

....

c) La capacidad de absorción del medio natural, con especial atención a las áreas siguientes:

.....

6.º Áreas en las que se han rebasado ya los objetivos de calidad medioambiental establecidos en la legislación aplicable, y pertinentes para el proyecto, o en las que se considere que se ha producido un incumplimiento de dichas normas de calidad medioambientales.

Con efecto, estamos diante do escenario descrito neste punto 2.c.6º! As esixencias establecidas na Directiva 91/271/CE de augas residuais urbanas véñense incumprindo de forma sistemática nas augas da Ría de Pontevedra, e moi concretamente na zona na que vai incidir o proxecto da EDAR proposta e o emisario submarino polo que vai verter as augas domésticas á nosa Ría. De feito, este incumprimento deu lugar á condena por parte do Tribunal de Xustiza da UE, condena que foi o detonante para que a Xunta de Galicia acometese este novo Plan de Saneamento para a Ría de Pontevedra, un plan que inclúe a mellora da EDAR, o novo emisario e a ampliación da EDAR á que agora alegamos. E tamén se incumpren as esixencias legais polos niveis de contaminación bacteriolóxica, unha contaminación que ten unha enorme incidencia sobre os cultivos mariños e a calidade das augas de baño.

E queremos facer fincapé neste punto nun feito que resulta irrefutábel e que debера poñernos en garda para impedir que novos proxectos encamiñados ao saneamento da Ría (neste caso o da ampliación da EDAR e a construción dun novo emisario), rematen producindo -máis unha vez- novas afectacións ao medio, aos recursos naturais e á economía da comarca. Estámonos a referir, evidentemente, ao momento no que se proxecta (e mellora) a actual EDAR de Os Praceres e o emisario submarino polo que se verter á Ría as augas residuais urbanas, actuacións levadas adiante -como agora- para salvagardar a calidade das augas de baño e cultivo de moluscos e para sanear integralmente a nosa Ría e que, como agora, contaban con proxectos que aseguraban a súa inocuidade para o medio e os recursos naturais. Non está de máis lembrar que a EDAR resultou ineficaz e ineficiente na súa función de depuración (mesmo despois de teren sido modificada e modernizada) e que o emisario resultou mal deseñado (particularmente no que ao punto final de vertido se refire) unha realidade que levou á contaminación das augas da Ría, ao incumprimento sistemático da Directiva 91/271/CE, a afectación dos bancos marisqueiros da Ría e dos polígonos de bateas de Portonovo, e a afectación do borde litoral da illa de Tambo, tal como se

recolle de forma reiterada ao longo das memorias presentadas agora para a ampliación da EDAR e, con anterioridade, para a mellora da EDAR e a construción do novo emisario. E debemos lembrar tamén, que, daquela, foron moitas as voces (entre elas as da nosa Asociación!) que advertiron desta realidade sen que desde a Administración se tivesen en consideración ningún dos argumentos recollidos nas alegacións presentadas, argumentos que sinalaban moitos dos problemas que o paso do tempo veu confirmar. Está disposta a Administración a seguir ignorando os posicionamentos críticos coas actuacións de saneamento na Ría de Pontevedra, sen sequera tomar aquelas medidas de precaución que contempla a Lei para tratar de conseguir cando menos que os proxectos contén con maiores garantías de inocuidade para o medio? A tramitación ambiental pola vía ordinaria é unha delas!

E resulta pueril argumentar, para xustificar a tramitación simplificada da avaliación ambiental deste proxecto, que a actuación ten coma único obxectivo a mellora ambiental e en concreto a da calidade das augas, polo que o seu efecto global sobre o medio será positivo, xa que esta argumentación sería de aplicación a calquera proxecto de estación depuradora, o que suporía, na práctica, que -con independencia das súas características- calquera proxecto de EDAR sería tramitado pola vía simplificada.

Así pois, desde a APDR entendemos que en base aos criterios establecidos na Lei 9/2018, estaría abondo xustificada a tramitación da avaliación de impacto ambiental pola vía ordinaria; neste sentido, solicitamos se acepte a nosa argumentación e, xa que logo, a retirada do proxecto en tanto non se realice esta tramitación pola vía legalmente establecida para este caso.

3ª.- Sobre a actuación a desenvolver no proxecto. Perséguese coa actuación prevista no proxecto, ampliar as instalacións da actual estación depuradora de Os Praceres, pero tamén a realización dun novo colector xeral desde o punto de bombeo de Cocheras para aumentar a capacidade de transporte ata a EDAR, como se describe no apartado 3.5 do Documento ambiental. Xustifícase a actuación na situación da actual depuradora que, mesmo despois das obras de mellora acometidas e co novo emisario en funcionamento, seguirá incumprindo os límites de vertido establecidos na Directiva 91/271/CE para, cando menos, o Nitróxeno total.

Na actualidade, na EDAR de Os Praceres trátanse as augas residuais urbanas procedentes dos Concellos de Pontevedra, Marín, e parte das de Poio e Vilaboa, pero tamén aquelas industriais procedentes do Porto de Marín e dos polígonos industriais de O Campiño e Ponte Caldelas, unha situación que vai continuar logo da realización da proxectada ampliación e que se xustifica fronte a outras posibilidades técnicas cun par de frases que para a equipa redactora do proxecto non requiren maior explicación.

Con efecto, no apartado 4 do Documento ambiental e antes de abordar as distintas posibilidades para a ampliación da EDAR, abórdanse dúas posibilidades alternativas:

- 1 Non facer a ampliación.
- 2 Realizar unha EDAR independente para cada un dos Concellos.

A primeira das posibilidades descártase ao afirmar que “*a situación tras a realización das obras en marcha (mellora da EDAR e novo emisario) non se pode manter no tempo polos seguintes motivos:*

- *A mellora da EDAR non conseguiu acadar os valores definidos para o Nitróxeno na lexislación.*
- *Os vertidos continuos en tempo de choiva á rede de colectores xerais pola insuficiente capacidade punta de tratamento da EDAR” .*

A segunda, descártase en base a un “suposto” análise ambiental “*debido ao gran impacto no medio das obras que serían necesarias*”.

Sen entrar a valorar a certeza ou non destas afirmacións, botamos en falta non só un maior esforzo por argumentalas, senón, e sobre todo, a consideración doutras alternativas intermedias que existen pero que os redactores do proxecto desbotan sen sequera analizalas.

Tal como se indica nas Memorias presentadas pola equipa redactora do proxecto, o actual sistema de tratamento das augas residuais na actual EDAR de Praceres, presenta numerosos problemas que, de forma sintética, pódense caracterizar do xeito que segue:

- O caudal para o que está deseñada a EDAR, tanto en tempo seco coma sobre todo en tempo de choiva, que se ve sistematicamente superado.
- A existencia de variacións de salinidade provocadas pola entrada de auga do mar e por vertidos procedentes do procesado de alimentos do porto de Marín.
- O impacto provocado pola entrada de augas de vertidos industriais desde o porto de Marín e desde os polígonos industriais de O Campiño e Ponte Caldelas.
- Problemas no tratamento secundario, e particularmente pola dificultade de cumprir os valores establecidos para o nitróxeno total na Directiva 91/271/CE.
- Problemas no tratamento terciario.

Neste sentido, entendemos que se deberían ter explorado algunhas alternativas de mellora da EDAR, alternativas que terían que ir encamiñadas a evitar a entrada de auga do mar (e de choiva) no sistema, para o que sería preciso mellorar a rede de saneamento, de colectores, asegurando a súa estanquidade. Ao tempo, teríanse que abordar tamén as alternativas que, sen supoñer a realización de estacións depuradoras independentes para todos e cada un dos Concellos que hoxe envían as súas augas á EDAR de Os Praceres, poidan reducir o volume de augas residuais a depurar nesta infraestrutura. Debemos considerar aquí as afirmacións de responsábeis da Xunta de Galicia que confirmaban que finalmente vai ser posíbel construír unha depuradora no Concello de Poio, unha depuradora que asumiría o tratamento das augas de vertido que hoxe van desde este Concello á depuradora de Os Praceres, o que eliminaría parte do caudal a tratar nesa EDAR.

E, neste mesmo sentido, entendemos viábel a construción de estacións depuradoras tanto para as augas que hoxe chegan desde o Porto de Marín, como para aquelas procedentes dos polígonos industriais, o que non só reduciría o caudal de vertido a tratar en Os Praceres, senón que evitaría os problemas ocasionados hoxe á depuradora pola chegada de augas industriais e salgadas. E aínda que o volume de augas residuais que chega desde o Concello de Vilaboa á depuradora de Os Praceres é pouco significativo, poderíase estudar algunha solución alternativa.

Con seguridade, coas alternativas aportadas nos parágrafos anteriores e cunha mellora da EDAR actual baseada nunha tecnoloxía máis compacta, que requira menores superficies das que precisa a tecnoloxía adoptada no proceso de mellora agora en licitación, poderíase evitar a ampliación agora proposta. Estamos a pensar na tecnoloxía de Reactores Biolóxicos Secuenciais (SBR), unha tecnoloxía que foi desbotada naquel momento por inviábel sen apenas ofrecer criterios cos

que xustificar esta decisión. E sorprende este xeito de actuar sobre todo porque un dos problemas que xorden ao acometer a ampliación da EDAR é a de conseguir terreos para tal ampliación; trátase da única alternativa que pode reunir nun mesmo tanque as funcións de tratamento primario, secundario e de clarificación e, de feito, son os sistemas preferidos cando as necesidades de espazo son factor limitante. E existen moitos exemplos que permiten ver que esta alternativa se adapta perfectamente ás necesidades requiridas no caso que nos ocupa, tanto en países como Polonia ou Brasil, con climatoloxías moi diferentes ás da Galiza, como en moitos outros de climatoloxía semellante á nosa, como Irlanda (a EDAR de Ringsend) ou Holanda (EDAR de Gamervolde); e mesmo hai exemplos na nosa terra, como a EDAR de Ourense, na que se utiliza un sistema de tratamento secundario baseado na tecnoloxía SBR.

4ª.- Sobre as propostas alternativas estudadas. Nas Memorias elaboradas pola UTE Eptis-Idom para este proxecto, preséntanse un total de cinco propostas alternativas, todas elas, agás a considerada como alternativa 2, que se sitúa na zona da Gandarela, sitúanse no lugar de Os Praceres, a carón da actual EDAR. Así pois, estúdanse catro alternativas de ampliación da actual EDAR e a construción dunha nova EDAR no lugar de A Gandarela, un emprazamento que, de acordo coa equipa redactora, cumpre cos requisitos técnicos mínimos de superficie e altimetría.

Desbótase a alternativa 2 polo seu impacto ambiental nunha zona boscosa cunha presenza importante de vexetación autóctona, porque vai implicar desmontes e movementos de terras de relevancia e a máis que posíbel afectación dalgunhas canles e zonas de servidume dos regatos alí existentes. Así mesmo, precisaríase realizar expropiacións. É unha depuradora baseada na tecnoloxía de “fangos activos” e, de acordo co exposto nas Memorias, sería a alternativa máis custosa, tanto na inversión necesaria coma nos gastos de sostemento. Queda claro, desde o primeiro momento, que a inclusión de esta alternativa entre as estudadas ten como único obxectivo “cubrir o expediente”!

A alternativa 1 basease tamén na tecnoloxía de “fangos activos”, mentres que a alternativa 3 utilizaría a chamada tecnoloxía denominada MBBR, a alternativa máis compacta de todas as estudadas e coa vantaxe de que permite aproveitar a inversión realizada no proceso de mellora da EDAR actual. Polo que fai ás alternativas 4 e 5, dicir que se trata de dúas variantes dunha mesma proposta, diferenciándose fundamentalmente nos espazos que ocuparían unha e outra. Así, mentres a alternativa 4 ocuparía os terreos do antigo campo de fútbol e unha pequena zona dos terreos que ocupa hoxe ENCE, a alternativa 5 ocuparía maior superficie de terreos no recinto fabril que ocupa ENCE para deixar libre a superficie do antigo campo de fútbol, unha zona para a que propoñen a rexeneración, ben creando unha zona verde ou deportiva. Trátase de depuradoras cunha tecnoloxía híbrida entre a de “fangos activos” e a MBBR, que permite aproveitar a maior parte da inversión realizada no proceso de mellora da actual EDAR. Estas dúas últimas alternativas serían as menos custosas de todas as estudadas, sendo a alternativa 5 algo máis custosa que a 4 (54,54 M€ fronte a 53,63 M€).

Desde o punto de vista do impacto ambiental, segundo se recolle nos cadros resumo da Memoria, todas as alternativas son moi semellantes, se ben a alternativa 5 tería menores impactos sociais, sobre o medio natural, sobre a paisaxe e sobre o patrimonio cultural por estar a maior distancia do núcleo de poboación de Os Praceres e pola creación dunha zona verde e/ou deportiva e polos espazos verdes previstos no interior da EDAR.

Do mesmo xeito, da matriz multicriterio presentada na páxina 56 do Anexo 5 do Proxecto Básico, que valora os criterios tanto ambientais coma de custe e prazos de posta en funcionamento para cada unha das alternativas, dedúcese que a alternativa 5 é a máis vantaxosa das estudadas. E a

este respecto, convén chamar a atención sobre a escasa xustificación das puntuacións dadas na amentada matriz a cada indicador ambiental para valorar a cada unha das alternativas propostas para decidir cal delas é a máis idónea desde o punto de vista ambiental; con efecto, as distintas puntuacións resultan absolutamente subxectivas, observándose unha clara tendencia a mellorar a alternativa 5 que semella ser a desexada “a priori”. Con todo, convén indicar que as maiores diferencias entre esta alternativa e as 3 e 4, as únicas coas que realmente compite pola súa tecnoloxía e emprazamento, ven dada polas puntuacións en impacto social (o campo de fútbol e/ou as zonas verdes propostas, algo “alleo” á depuradora), a integración paisaxística (na práctica os mesmos “valores” puntuados no apartado anterior e as zonas verdes no interior da EDAR), e en menor medida, a afección ao patrimonio cultural e aos usos do solo.

5ª.- **Sobre a alternativa elixida.** En calquera caso, a alternativa proposta para a ampliación da EDAR de Os Praceres pola UTE encargada do proxecto, é a alternativa 5, unha estación depuradora que con tecnoloxía híbrida entre a de “fangos activos” e a MBBR (Moving Bed Biological Reactor, ou tecnoloxía de leito móbil ou fluidizado); trátase dunha tecnoloxía que utiliza microorganismos purificantes que medran sobre unha biopelícula inmovilizada nun medio portador que se moven libremente en suspensión dentro do tanque de reacción. Ocupará unha superficie total de 40.950 m², todos eles en dominio público marítimo-terrestre; desta superficie total, algo máis da metade (23.250 m²) pertencen á concesión de ENCE.

E non debemos esquecer que as principais limitacións da actual depuradora e da súa mellora futura, veñen dadas pola falta de espazo e, sobre todo, polo mal funcionamento do seu tratamento secundario e terciario. Trataremos de ver cales son as vantaxes da alternativa 5 sobre o resto de alternativas comparábeis (a 3 e a 4, que, como xa vimos, é semellante á alternativa 5 pero sitúase en boa medida sobre o espazo que a alternativa 5 adica a instalacións deportivas e espazos verdes).

Desde o punto de vista do espazo, chama a atención que se teña elixido a alternativa 5 polo feito de que boa parte da súa superficie estea disposta sobre os terreos da concesión de ENCE, xa que a alternativa 3, a máis compacta das estudadas, cunha ocupación total de 32.500 m², podería ser situada sobre os terreos de ENCE que se propoñen para a alternativa 5, o que permitiría instalar a EDAR e xerar un espazo público superior ao proposto na alternativa 5. Que razón pode ter levado a non estudar esta posibilidade?

Polo que fai ao tratamento secundario e terciario, hai que dicir que realmente as alternativas propostas son todas moi semellantes; sobre o papel, todas elas semellan cumprir a lexislación no que a materia orgánica e nutrientes se refire, e ningunha delas pode asegurar de forma fiable a retención de biomasa que poida garantir o cumprimento dos límites fixados para a contaminación bacteriolóxica na lexislación.

Dos datos aportados na Memoria, pódese inferir que a pesares de que a tecnoloxía MBBR é unha tecnoloxía moi contrastada da que se agarda un funcionamento correcto que poida reter a totalidade da materia orgánica e, xa que logo, uns niveis de contaminación bacteriolóxica que permitan o cumprimento da lexislación para estes parámetros tanto para zonas de baño coma para os cultivos mariños, en ningún caso resulta garantido que na fase de tratamento biolóxico se consiga a retención de biomasa desexada, o que podería supoñer unha deficiente eliminación da contaminación bacteriolóxica no tratamento terciario.

Neste sentido, insistimos na nosa sorpresa polo feito de que non se teña sequera estudado a posibilidade de construír unha EDAR máis compacta baseada na tecnoloxía SBR. Estamos convencidas, porque noutras localidades xa se ten feito, de que se pode chegar aos niveis de depuración propostos para esta EDAR, sen necesidade de facer a ampliación proposta, mellorando a rede de colectores, facendo a estación depuradora máis eficaz e eficiente e cunha tecnoloxía máis compacta.

Finalmente, debemos facer constar a nosa dificultade para poder entender algunhas cousas que na Memoria semellan darse por demostradas; citaremos en concreto o valor aportado na táboa da páxina 13 da Memoria Ambiental para o volume medio diario de vertido, que na amentada táboa sitúase nos 60.480 m³/día, inferior aos 64.800 m³/día correspondentes á situación actual. Ao noso xuízo, non se explica que actuacións levan a esa redución do caudal de entrada á depuradora cando aumenta a poboación equivalente de deseño, unha redución que, lóxicamente leva a que os valores para DBO total, Sólidos en Suspensión total, Nitróxeno total e fósforo total se vexan aumentados como consecuencia da concentración das augas de vertido.

6ª.- Sobre a necesidade de cumprir a lexislación na entrada do emisario. Aínda que sexa unha obviedade, convén lembrar que a lexislación de aplicación prohibe que o cumprimento da lexislación se realice mediante dilución; e convén dicir tamén que, tal como se afirma no Apt. 7.4 do anteproxecto para o novo emisario (clave OH 336.1129) *“El nuevo emisario se plantea con el objetivo de lograr una **DILUCIÓN** de los vertidos de manera que no afecte ni a las zonas de producción de mejillón ni a zonas de baño.....”*. Debe quedar claro, xa que logo, que as augas de vertido que saian da nova EDAR ampliada, deberán cumprir **TODA A LEXISLACIÓN** á saída da depuradora, **CON ANTERIORIDADE Á ENTRADA NO TUBO EMISARIO**.

E, se ben é certo que esta premisa semella contemplarse para os parámetros de vertido DBO, DQO, SST, NT e PT, para os que se considera que os efluentes deberán cumprir, previamente á saída polo emisario os límites establecidos na Directiva 91/271/CE para zonas sensíbeis (táboa da páx. 117 do Documento Ambiental, baixo o epígrafe “Control de calidade do efluente”), non ocorre o mesmo no caso da contaminación bacteriolóxica, para a que nesa mesma táboa se fixan concentracións ≤ 50.000 ufc/100 mL para os coliformes totais e ≤ 10.000 ufc/100 mL tanto para os coliformes fecais coma para os estreptococos fecais. Debemos indicar aquí que na Lei 9/2010 do 4 de novembro, de Augas de Galicia, establécense no seu Anexo II os obxectivos de calidade bacteriolóxica no medio fixándose límites de 500, 100 e 100 ufc/100 mL para coliformes totais, coliformes fecais e estreptococos fecais, respectivamente. E, pola mesma razón argumentada para a materia orgánica e os nutrientes, estes valores débense garantir á entrada do emisario, pois estes e non outros, deben ser os obxectivos de vertido no que á contaminación bacteriolóxica se refire. Neste sentido, non podemos compartir o expresado na páxina 36 do Apéndice 1 do Documento Ambiental, que dí: *“Para un caso de funcionamento normal de la EDAR, en la que con el tratamiento terciario se garantizarán concentraciones en el efluente a la salida de la EDAR inferiores a 10.000 ufc/100 mL, el efecto sobre el medio será muy inferior, resultando valores inferiores a 100 ufc/100 mL en la Ría”*. Volveremos sobre este particular na seguinte alegación.

7ª.- Sobre o modelo de evolución dos contaminantes bacteriolóxicos. Tal como indicamos mais arriba, insistimos nesta alegación na problemática da contaminación bacteriolóxica; e facémolo partindo do modelo de mortalidade de contaminantes bacteriolóxicos utilizado pola UTE para este proxecto, un modelo que se expón nas páxinas 20 e seguintes do Apéndice 1 do Doc. Ambiental.

A este respecto, debemos dicir que resulta como mínimo imprudente condicionar -como se fai na Memoria que nos ocupa- a argumentación posterior aos resultados obtidos a partir da aplicación dun modelo de mortalidade dos contaminantes bacteriolóxicos, e máis cando este único modelo (o proposto por Chapra no 1997) non está probado na nosa Ría nin se coñece (polo que non se ten en conta!) a incerteza que pode ter o amentado modelo! Neste sentido, consideramos que todas as conclusións tiradas ao respecto da evolución das concentracións destes contaminantes desde a saída da EDAR ata a posíbel chegada ás zonas de augas de baño e de cultivo de marisco están viciadas e poderán non concordar coa situación real.

8ª.- **Sobre a idoneidade do novo emisario.** Aínda que como xa temos avanzado na primeira alegación, damos por reproducidas aquí as alegacións realizadas contra o proxecto OH 336.1129 de construción dun novo emisario para a EDAR de Os Praceres, queremos deixar patente aquí a nosa posición contraria á decisión de non incorporar neste novo emisario os vertidos de ENCE, unha decisión que consideramos arbitraria e contraria ao suposto obxectivo último de todas as actuacións que a Administración autonómica está a desenvolver na nosa Ría, que non debe ser outro que o seu saneamento integral. Arbitraria porque non se xustifica desde o punto de vista técnico, e máis cando existe un compromiso ineludíbel de ENCE de rebaixar o volume final do seu vertido para pasar dos case 40.000 m³/día actuais a 4.000 m³/día, e contraria ao perseguido saneamento da Ría porque esta decisión implica manter a saída dos vertidos de ENCE nunha zona, a do vertido actual, que -de acordo co recollido en todas as Memorias relativas aos proxectos encamiñados á mellora do amentado saneamento- tense demostrado ineficaz pola afectación que provoca na calidade das augas de baño e cultivos mariños, nos polígonos de bateas de Portonovo e sobre o borde litoral da illa de Tambo. Non se debe esquecer tampouco, que o actual emisario carece da necesaria licenza de vertido, nin que está afectado pola decisión de Costas que resolveu que non posúe o correspondente título habilitante para ocupar terreos de dominio público marítimo-terrestre.

Así as cousas, non dubidamos en cualificar de irresponsábel este singular xeito de actuar da Administración, un xeito de actuar que só se explica de existir algún interese oculto de ENCE en manter esta incomprensíbel situación; con efecto, e tendo en conta que a inacción no control do cumprimento da Lei en materia medio ambiental, cando non a absoluta submisión aos intereses empresariais, son norma nas relacións entre a Xunta de Galicia e ENCE, ben podería existir neste caso algunha sorte de apoio aos intereses da empresa pasteira de Lourizán. En calquera caso, a lóxica esixe que se reconsidere esta decisión e se contemple o vertido conxunto dos efluentes da EDAR e da empresa ENCE polo novo emisario. E non se pode argumentar, como se ten feito nalgunha ocasión, que a separación dos efluentes persegue coñecer a responsabilidade de cada un dos vertidos que entran no tubo emisario, simplemente porque é unha falacia! Como temos reiterado xa en demasiadas ocasións, os controis destes vertidos -e xa que logo, a busca de responsabilidades- ten que se facer á saída das respectivas instalacións, con anterioridade á entrada no emisario submarino!

E queremos deixar constancia tamén, das nosas consideracións ao respecto do trazado proposto para o novo emisario e a situación do tramo de difusores, xa que -contrariamente ao argumentado no proxecto- cremos que vai ter incidencia negativa sobre os bancos marisqueiros (uns 49 arredor das instalacións do tubo emisario) e dos areais da zona cara a onde se orienta a infraestrutura, os de Portocelo, Mogor e Aguete; e aínda que entendemos que hai moitas posibilidades de que dentro duns poucos anos -como sucedeu co emisario anterior- esteamos a nos lamentar da decisión tomada agora e fronte a unha nova modificación dun emisario que se terá probado inútil ou con-

trario aos intereses dos sectores do mar e do turismo, agardemos non ter razón nesta ocasión, pero moito nos tememos que se volvan cumprir os peores vaticinios!

9ª.- **Sobre a conveniencia de considerar a construción dunha EDAR cuberta.** Chama a atención o feito de que en ningún momento se teña considerado a posibilidade de construír estas instalacións baixo cuberta para evitar -ou paliar, cando menos- os posíbeis efectos negativos que se poidan producir sobre a poboación veciña, un aspecto que se debería ter sempre en conta e máis cando -é o caso de Lourizán- a veciñanza leva moitos anos sufrindo agresións ambientais e, loxicamente, está especialmente sensibilizada contra calquera novo proxecto que se lles propoña polos posíbeis efectos negativos que poida ter sobre o medio, a calidade de vida ou a saúde.

Neste sentido, avogamos pola construción dunha EDAR cuberta que evite ou cando menos palie os cheiros, os efectos que poida provocar no proceso de aireación, moi particularmente a dispersión de patóxenos que poidan afectar á poboación veciña, e os ruídos, situacións que se veñen padecendo na zona como consecuencia da presenza de ENCE e a actual depuradora.

Por outra banda, a construción dunha EDAR cuberta, contribuiría a minimizar os impactos sociais, sobre o medio natural e permitiría unha maior integración paisaxística desta infraestrutura, á que se lle podería dar unha imaxe máis acorde coa zona na que se pretende construír.

10ª.- **Sobre a dispoñibilidade dos terreos para instalar a nova EDAR.** Tal como temos indicado con anterioridade, a ampliación da EDAR realizaríase cara aos terreos que hoxe ocupa a fábrica de ENCE, unha concesión que legalmente ten caducado o 28 de xullo do ano 2018. Trátase duns terreos de dominio público marítimo-terrestre que ENCE terá que abandonar máis pronto que tarde e que unha vez pechada a actividade fabril, a empresa terá que devolver á situación anterior á súa chegada a Lourizán. Así as cousas, o futuro da zona pasa pola eliminación dos recheos sobre os que se asenta ENCE e a recuperación dos areais anteriormente existentes, polo que é moi cuestionábel que se poida construír a EDAR neses terreos. Debemos facer constar tamén, que a utilización destes terreos ven condicionada polo feito de que ENCE elimine as súas balsas de decantación, algo que na pax. 34 do Documento Ambiental dáse por feito ao afirmar que se aproveitará que *“la empresa prevé de manera inmediata la eliminación de sus balsas de decantación”* e sobre o que na APDR temos serias dúbidas de que se poida facer realidade. En primeiro lugar porque a Dirección Xeral da Sustentabilidade da Costa e do Mar, do Ministerio de Transición Ecolóxica, non o debería permitir, e ademais, porque precisaríase a licenza de obras do Concello de Pontevedra, que tampouco debería permitilo. Debemos lembrar que xa no seu día ENCE pretendeu eliminar as balsas de decantación e non o puido facer por prohibición expresa de Costas do Estado. Non se pode tratar de solventar o problema dicindo, como se afirma en varias ocasións nas Memorias, que *“se requerirá autorización/convenio con ENCE”* ! Sinxelamente porque eses terreos non lle pertencen a ENCE, senón ao conxunto da cidadanía, que aspiramos a recuperar a zona que existía en Lourizán antes da realización dos recheos para propiciar a instalación da fábrica de pasta de papel.

Polo que fai ao resto dos terreos que se pretenden ocupar, debemos dicir que a situación non é moi diferente, xa que por se tratar, coma todos os terreos que agora ocupa a EDAR, de terreos de dominio público marítimo-terrestre, precísase dunha concesión de Costas. É dicir, estase a propoñer unha instalación para a que, a día de hoxe, carécese de terreos!

11ª.- **Sobre a construción dun campo de fútbol.** Resulta especialmente insultante que a empresa encargada de acometer este proxecto, propoña a instalación dun campo de fútbol nuns terreos

nos que con anterioridade xa existía outro, que foi derrubado como consecuencia da resolución de Costas do Estado no procedemento de caducidade de ENCE, por non contar co preceptivo título habilitante. E debemos dicir tamén, que neste procedemento de caducidade do que falabamos, obrigábaselle á empresa ENCE a instalar un novo campo de fútbol noutro emprazamento para non deixar sen instalacións deportivas aos potenciais usuarios. Debera terse en conta a aspiración lexítima da veciñanza de recuperar eses terreos para outras actividades diferentes ás deportivas.

12ª.- Sobre a necesidade de adaptarse ao Plan Xeral de Ordenamento Municipal. Como calquera outra actuación, a que nos ocupa ten que se someter ás normas urbanísticas do Concello de Pontevedra recollidas no Plan Xeral de Ordenamento Municipal (PXOM) vixente e a aquelas outras locais, autonómicas ou estatais que poidan resultar de aplicación.

Neste sentido, debemos rexeitar, por errónea, a argumentación que presentan os redactores do proxecto e coa que pretenden convencernos de que esta ampliación da EDAR non ten que se someter ao amentado PXOM de Pontevedra aprobado en decembro do ano 1989 e vixente desde aquela.

Tal argumento baséase na afirmación de que o PXOM non sería de aplicación na zona dado que sobre el "*prevalece la figura del Proyecto Sectorial del Asentamiento Industrial de ENCE en Lourizán*". Pois ben, este argumento é falso! Como se lembrará, este Proxecto Sectorial, aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2003, foi ditado para decretar o carácter supramunicipal da instalación dunha fábrica de papel tisú nos terreos que ENCE pretendía recuperar mediante o recheo das balsas, e debe considerarse caducado desde o mesmo momento en que o proxecto foi abandonado pola fábrica de Lourizán. Neste sentido, nin se pode aplicar á ampliación da EDAR de Os Praceres un decreto que tiña por finalidade única a instalación dunha fábrica de papel tisú, nin moito menos cando este decreto ten caducado. Así pois, a ampliación da EDAR resulta incompatible co amentado Proxecto Sectorial e deberá someterse ao contemplado no PXOM do Concello de Pontevedra.

Do mesmo xeito, as obras que se pretenden levar adiante, están afectadas polo chamado POL (Plan de Ordenamento do Litoral) e polas Directrices de Ordenamento do Territorio (DOT), ambas as dúas normas ditadas pola Xunta de Galicia e as que terá que someterse igualmente o proxecto de ampliación da EDAR do que vimos falando.

Certamente, non podemos obviar que a actuación da nova EDAR poderá declararse de Interese para a Comunidade Autónoma (no caso de que non teña sido declarada xa), polo que as obras poderán autorizarse en calquera caso e con independencia do establecido no PXOM pontevedrés.

13.- Sobre riscos naturais e vulnerabilidade do proxecto. Nas páxinas 73 e 74 do Documento Ambiental, abórdanse os riscos naturais (incendio, erosión, risco xeolóxico e sísmico) que poden afectar á zona de actuación, chegándose á conclusión de que estamos a falar dunha zona na que existen riscos baixos para todos e cada un dos supostos considerados. En calquera caso, vemos de interese matizar algo os argumentos que se verten no apartado correspondente aos incendios para xustificar que non existen riscos na zona por este concepto.

De acordo co recollido neste apartado, para establecer o índice de risco das zonas analizadas téñense en conta unha chea de factores como a meteoroloxía, o estado da masa vexetal ou as infraestruturas, que interveñen directamente, deducindo que nesta zona, por non existir unha super-

ficie vexetal densa nin a aproximación a vivendas, o índice resulta baixo. Para nós, estando de acordo coa caracterización que se fai da zona en relación ao risco de incendios forestais ou de zonas de vexetación que poidan ser pasto do lume, entendemos tamén que a posibilidade de que se produzan incendios de importancia na zona, un risco que ven dado pola presenza de ENCE nas proximidades da zona a ocupar coa EDAR, unha zona na que se acumulan importantes cantidades de madeira e produtos químicos que poden actuar como detonantes ou propagadores de incendios; de feito, téñense producido varios incendios nos últimos tempos neste recinto fabril, algún deles de grandes proporcións e virulencia, e hai ben pouco que se ten producido outro incendio importante no estaleiro de Os Praceres, o que nos debe poñer sobre aviso ao respecto deste factor e, quizais, debera facernos considerar a natureza do índice de incendio na zona.

E neste mesmo sentido pódese alegar ao apartado 7 relativo á vulnerabilidade do proxecto (pax. 77 do Documento Ambiental) para chamar a atención sobre os posíbeis efectos adversos do proxecto, non tanto pola incidencia de catástrofes de índole natural, senón máis ben polos riscos de incendios en instalacións próximas, moi particularmente nas pertencentes ao recinto fabril da empresa ENCE que polo seu estado de avanzada deterioración, pola acumulación de madeira e polos elevados volúmenes de produtos químicos alí existentes, poden supoñer un risco engadido á presenza da EDAR na zona.

Xa por último, e polo que respecta á situación de vulnerabilidade que previsiblemente vai provocar o inevitábel cambio climático, debemos dicir que non somos tan optimistas como a equipa redactora do proxecto. Con efecto, no documento de “Evaluación de Efectos en la Costa Española” do “Plan Nacional de Adaptación al Cambio Climático” (PNACC) vaticínanse cambios no nivel do mar no horizonte do ano 2050 que suporían un aumento medio de 0,2 m no litoral español, uns datos que poderían ser algo máis elevados de acordo cos datos presentados neste mesmo ano por S.A. Kulp e B.H. Strauss na revista Nature Communications (doi: 10.1038/s41467-019-12808z). E non debemos esquecer que a zona na que se vai construír a depuradora é unha zona ganada ao mar mediante recheos nin que, xa na actualidade, se inunda con bastante frecuencia.

En base ás alegacións presentadas,

SOLICITA:

Que, por presentadas estas alegacións, se teñan en consideración e, en base aos criterios e argumentos recollidos na alegación 2ª, se considere a retirada do proxecto agora presentado e se proceda á súa tramitación ambiental pola vía ordinaria.

Que, de non se considerar a solicitude formulada no parágrafo anterior, se teñan en consideración o resto das alegacións propostas modificando o proxecto presentado no sentido recollido nas mesmas.

E, para que conste, asina en Pontevedra a 19 de novembro de 2019